



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## Providencia da Alcaldía

O Concello de Cotobade, mediante Decreto da Alcaldía do 27.04.2015, aprobou expediente de contratación das obras de “Novo Salón de Actividades de Cotobade”.

Con data de 24.06.2015 a Mesa de Contratación procede á apertura das ofertas das empresas admitidas producíndose un empate entre Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones S.A. e Conservia Rehabilitación y Servicios S.L. de acordo coa seguinte táboa:

EMPRESA	PREZO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO GARANTIA	MELLORAS
Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones (GPD) S.A.	62249,44	2 meses	1+2 anos	3 melloras
Conservia	62249,44	2 meses	1+2 anos	3 melloras

Con data de 06.07.2015 emítese informe da Secretaría Municipal

Con data de 09.07.2015 reúnese a Mesa de Contratación e proponse solicitar nova oferta económica ás empresas a efectos de resolver o empate suscitado.

## Fundamentos Xurídicos

Visto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro que establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles.

Visto que o artigo 14 do prego de cláusulas administrativas particulares prevé que no caso en que se produza un empate resolverase en favor daquelas ofertas que dean lugar a unha maior baixa económica,

## Dispoño:

1.Solicitar nova oferta económica ás empresas Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones S.A. e Conservia Rehabilitación y Servicios S.L. concedendo ao efecto prazo de cinco días naturais contados desde o seguinte á publicación da presente Resolución no Perfil de Contratante do Concello de Cotobade consonte ao Anexo que se adxunta á presente Resolución (O prazo remata o vindeiro 14.07.2015. Horario de Rexistro 9 a 14 horas).

2. Informar ás empresas de que a citada documentación deberá presentarse en sobre pechado coa lenda “Nova oferta económica procedemento negociado sen publicidade das obras de Novo Salón de Actividades de Cotobade”, debidamente asinada polos licitadores e axustándose ás formas de presentación establecidas no artigo 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cotobade 09 de xullo de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

